

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE DECEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de glorieta e acondicionamento de travesía na AC-550, pp.qq. 71+100 - 72+400 (Noia), no concello de Noia.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de sendas na AC-552, treitos 34+400-34+860 e 44+300-45+080, no concello de Coristanco (A Coruña).
- Decreto polo que se aproba o texto consolidado e addenda ao Convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, SA, polo que se establece a achega extraordinaria para mitigar o impacto da subida de tarifas do ano 2022 e se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2022, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociación veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por un importe de tres millóns de euros (3.000.000 €), anticipado de gasto.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación Clúster Saúde de Galicia (CSG) para a posta en marcha dunha oficina técnica xestora dos proxectos integrados do Programa denominado Next Generation Galicia Health, por un importe total de trescentos trinta e un mil douscentos cincuenta e un euros (331.251 €), anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a exención de constitución de garantías con base no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con relación á III Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión de subvención e para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no eido da Administración local.
- Acordo polo que se aproba o Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT”.
- Acordo polo que autoriza a concesión dunha subvención á entidade Vodafone España, SA por importe de tres millóns setecentos dezaioito mil trescentos oitenta e tres euros (3.718.383 €), ao abeiro da Resolución do 21 de xaneiro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o período 2021-2023 (código de procedemento PR608A).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que convocan para o ano 2022, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social, tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a aprobación da resolución de concesión directa da axuda complementaria á do Programa do bono de alugueiro social durante o ano 2022, tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Arbo para a execución da actuación de rehabilitación do bombeo de captación, impulsión, tratamento e conexión entre os depósitos do Couto e Arbo, concello de Arbo (Pontevedra), financiado ao 100 % a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de dous millóns trescentos vinte e cinco mil euros (2.325.000 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación coas axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de dous millóns trescentos sesenta e nove mil euros (2.369.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de sete millóns catrocentos vinte mil cincocentos euros (7.420.500 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados pola Administración pública galega, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022, por un importe de once millóns douscentos vinte e tres mil catrocentos vinte e seis euros (11.223.426 euros €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial para persoas maiores dependentes e de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas na Residencia de Maiores e no Centro de Día de Alzhéimer de Bembrive, tramitación anticipada (expediente 99/2021). Importe de licitación: seis millóns cincocentos vinte mil novecientos corenta e nove euros con setenta e seis céntimos (6.520.949,76 €). Valor estimado: dezoito millóns setecentos setenta mil catrocentos trinta e seis euros con setenta e nove céntimos (18.770.436,79 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial para persoas maiores na Residencia de Maiores Concepción Arenal, na Residencia de Maiores de Bande e na Residencia do Carballiño para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

persoas dependentes, tramitación anticipada (expediente 92/2021). Importe de licitación: once millóns cento noventa e oito mil novecentos vinte euros (11.198.920,00 €). Valor estimado: trinta e dous millóns douscentos trinta e tres mil novecentos cincuenta e catro euros con trinta e sete céntimos (32.233.954,37 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvinda, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos no ano 2022, e se procede a súa convocatoria (código do procedemento BS403B) (tramitación anticipada do gasto). Importe total: trinta millóns cincocentos corenta e dous mil setenta e dous euros (30.542.072,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta ás recollidos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciaran a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de xaneiro de 2021, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403G) (tramitación anticipada do gasto). Importe total: catro millóns setecentos dezanove mil euros (4.719.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para eximir os beneficiarios da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2022-2023, cando o seu importe sexa superior aos dezaioito mil euros (18.000 €), para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Tramitación anticipada de gasto. Importe total: dous millóns cento cincuenta mil euros (2.150.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a exención da achega de garantías na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, financiadas co Instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR404A, MR405A e MR405B), por un importe de trinta e sete millóns cincocentos mil euros (37.500.000 €). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio, por tramitación anticipada de gasto, entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Xinzo de Limia para a xestión do Centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, mediante a concesión dunha axuda por un importe total de vinte e catro mil euros (24.000 €) e para autorización do compromiso plurianual a que se refire o artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio, por tramitación anticipada de gasto, entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lourenzá para a xestión do Centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, mediante a concesión dunha axuda por un importe total de vinte e catro mil euros (24.000,00 €) e para autorización de compromiso plurianual a que se refire o artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba o Contrato programa plurianual do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para o período 2021-2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a publicación das ordes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo polas que se establecen as cantidades que cómpre transferir aos colexios de avogados e procuradores para atender aos gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos da asistencia letrada ao detido e de defensa gratuítas do ano 2021, sobre o importe certificado o ano 2020.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución pola se aproban as bases reguladoras das axudas para proxectos de enerxías renovables, de uso térmico (biomasa), dirixidas a particulares, para o ano 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MAIOR TRANSPARENCIA, IGUALDADE E GARANTÍAS COS NOVOS CRITERIOS DOS REGULAMENTOS ELECTORAIS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS APROBADOS POLO CONSELLO

- Os membros da asemblea ou presidentes non serán elixibles no caso de inhabilitados para o desempeño dun cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme
- No caso do voto por correo, poderá tramitarse a súa solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia

O Consello da Xunta deu luz verde á modificación do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

A presente modificación procura para este sistema electoral unha serie de melloras que se integran no réxime xurídico en vigor. Recóllense así distintos aspectos directamente dirixidos ao establecemento nas federacións deportivas de procesos electorais máis libres e transparentes, con igualdade de condicións e coa maior garantía para o exercicio do dereito de sufraxio polos electores, concretándose en distintas previsións de natureza organizativa e procedemental en sintonía coas pautas legais establecidas polo lexislador, sen alterar os seus aspectos e elementos esenciais, e coa xurisprudencia ditada sobre a materia.

Deste xeito, destacan as melloras sobre aspectos como os requisitos dos electores e de elixibilidade -atendendo aos efectos sobre a competición derivados da evolución da pandemia da COVID-19 durante o ano 2020-; o contido dos censos electorais; o desenvolvemento do proceso electoral -contido, aprobación e calendario do regulamento electoral-; os sistemas de elección a membro da asemblea xeral e de elección do titular da presidencia; a regulación do desenvolvemento da xornada electoral -destacando neste punto a nova regulación do voto por correspondencia-; o réxime de reclamacións e recursos; e, por último, reaxústanse os prazos existentes, que pasan agora a ser computados por días hábiles fronte ao sistema anterior que se refería a días naturais.

Cómpre salientar tamén, entre outros aspectos dos requisitos para electores e elixibles, que xa non se exige ter nacido en Galicia ou ter veciñanza na Comunidade Autónoma. Ademais, os membros da asemblea ou presidentes non serán elixibles no caso de estar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inhabilitados para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme ditada polo órgano disciplinario competente, como ata o de agora e, como novidade, no caso de estar inhabilitados para o desempeño dun cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

No caso do voto por correo, poderá tramitarse a súa solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e a nova regulación recoñece non só as persoas físicas, senón tamén as persoas xurídicas (clubs). Cómpre sinalar que, en todo caso, prevalecerá o voto presencial sobre o voto por correo. Por último, cabe destacar que, como mínimo, deberán establecerse dúas mesas electorais nas dúas provincias de maior censo de cada federación.

A finalidade destas modificacións é adaptar a normativa reguladora das eleccións das federacións deportivas galegas á nova realidade garantindo un exercicio pleno dos dereitos electorais por todos os estamentos que conforman as federacións. A norma está vixente nos procesos electorais desde o ano 2018 e as novas modificacións entrarán en vigor no proceso de 2022 e vindeiros, establecendo unha serie de dereitos, deberes, requisitos e condicións no desenvolvemento destes, co fin de conseguir unha participación maioritaria, plena e igual de todas as persoas que integran as federacións. Cómpre lembrar que a Lei do deporte de Galicia establece que os órganos de goberno das federacións se renovarán cada 4 anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno.

Grazas ao decreto régulanse todas as fases do proceso electoral desde a inicial convocatoria das eleccións ata a campaña electoral dos posibles candidatos, atendendo aos dous órganos das federacións que interveñen no proceso electoral: a Xunta electoral como órgano único de ordenación e control das eleccións e a Comisión Xestora como órgano encargado de administrar e xestionar a federación durante o proceso electoral. Do mesmo xeito, establécense as condicións e requisitos necesarios para poder ser elector ou elixible para a asemblea xeral e a presidencia das federacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA GLORIETA NO CRUZAMENTO DA BARQUIÑA, EN NOIA, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 1,15 M€

- Executarase unha nova rotonda con 13 metros de raio na intersección da vía autonómica AC-550 coa estrada provincial DP-5704, de acceso ao porto da Barquiña
- Renovaranse as beirarrúas desde a nova glorieta ata a alameda de Noia, deixando a vía cun carril por sentido e dotándoa dun itinerario peonil accesible nunha das marxes, con aparcadoiro na marxe dereita
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará as obras no primeiro semestre de 2022, co obxectivo de poder comezar os traballos no segundo semestre do ano
- O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto de utilidade pública polo que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de construción dunha nova glorieta no cruzamento da Barquiña e de acondicionamento da travesía da estrada AC-550, no concello de Noia.

O Goberno galego investirá 1,15 M€ nestas dúas actuacións de mellora da seguridade viaria na contorna desta vía autonómica, orzamento no cal se inclúe tamén o pagamento dos 2 predios necesarios para levar a cabo as actuacións.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará as obras no primeiro semestre de 2022, co obxectivo de poder iniciar os traballos no segundo semestre do ano, cun prazo de execución de 10 meses.

A intervención proxectada nesta travesía comprende, dunha banda, a execución dunha nova glorieta para substituír a intersección en cruz existente no punto quilométrico 71+120 na AC-550, o cruzamento coa estrada provincial DP-5704 ao porto da Barquiña. O trazado da glorieta foi definido tendo en conta o espazo dispoñible na contorna, con escaso espazo dispoñible debido á presenza de numerosas vivendas. Contará cun raio exterior de 13 metros, unha illa interior de 2 metros, unha calzada de carril único de 6 metros e beiravías interior e exterior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Doutra banda, as obras inclúen a renovación das beirarrúas desde a nova glorieta ata a alameda de Noia, entre os puntos quilométricos 71+100 e 72+400 da AC-550. Isto suporá a reorganización da sección transversal da estrada, na cal hoxe en día hai aparcadoiro insuficiente en ambas as marxes, o que provoca que os vehículos suban á beirarrúa e a deteriorenen.

Levarase a cabo a renovación da capa de rodadura da estrada e a redistribución de anchuras da sección transversal, dotándoa dun itinerario peonil accesible nunha das marxes do treito considerado. Realizarase tamén o acondicionamento dos ramais de acceso á nova glorieta.

Deste xeito, coa reorganización proxectada da sección da vía estreitaranse carrís, ampliaranse beirarrúas e deixarase un aparcadoiro ben dimensionado nunha das marxes da estrada. En concreto, a sección tipo resultante consta dunha calzada formada por dous carrís -un por sentido- de 3 metros, aparcadoiro de 2 metros na marxe dereita, beiravía e beirarrúa de ancho variable

O Goberno galego continúa traballando no mantemento e na mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios.

Plano de planta xeral da actuación:



Detalle da planta da nova glorieta:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE DOUS NOVOS TREITOS DE SENDA NA ESTRADA AC-552 EN CORISTANCO, PARA FAVORECER O ACCESO A PÉ AO CENTRO COMERCIAL

- A actuación, cun investimento de 716.000 €, facilitará os desprazamentos a pé dos veciños e favorecerá unha mobilidade máis segura e sustentable na contorna
- O primeiro dos itinerarios construírse no remate da senda Carballo-Coristanco cara ao contorno do centro comercial e o segundo entre Agualada e o cemiterio de Agrilloi
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará as obras no primeiro semestre de 2022, para comezalas no segundo semestre do ano
- As achegas realizadas ao proxecto polo Concello serán analizadas e incorporaranse no desenvolvemento das obras, como a conexión co sendeiro de madeira no rego da Balsa
- Os itinerarios súmanse aos impulsados nunha primeira fase do Plan de sendas da comarca de Bergantiños, que supuxo a execución de 11 km de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe cun investimento de preto de 5 M€
- A Xunta continúa impulsando a construción de novas sendas na comarca, onde xa están aprobadas as expropiacións para executar as de Soesto e de Serantes, en Laxe, licitadas as obras en Xornes e en tramitación a da senda do Couto, en Ponteceso

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto de utilidade pública polo que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción de dous novos tramos de sendas peonís na estrada AC-552, no concello de Coristanco, que facilitarán o acceso a pé ao centro comercial.

O Goberno galego investirá 716.000 euros nestes dous itinerarios nas marxes da vía autonómica, que se executarán no remate da senda Carballo-Coristanco, dándolle continuidade cara ao centro comercial, e entre Agualada e o cemiterio de Agrilloi. Neste orzamento inclúese tamén o pagamento dos 4 predios necesarios para levar a cabo esta nova actuación, que ten como obxectivo facilitar os desprazamentos a pé dos veciños e favorecer unha mobilidade máis segura e sustentable na contorna.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras no primeiro semestre de 2022,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

co obxectivo de poder iniciar as obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses.

A intervención proxectada adapta os novos itinerarios á configuración das edificacións existentes e suporá executar algo máis de 1,3 quilómetros de sendas en total, que se construírán en formigón colorado, para facelas máis visibles, e de cor de terra natural, para unha mellor integración na contorna. O ancho destes itinerarios oscilará entre os 1,50 e os 2 metros.

O primeiro dos tramos construírse entre os puntos quilométricos 34+400, no final do itinerario Bértoa-Carballo, e o 34+860, na entorna do centro comercial, pola marxe esquerda da estrada, recollendo tamén unha prolongación de 300 metros en dirección a Carantos. O segundo dos tramos construírse no núcleo de Bormoio, entre os puntos quilométricos 44+300 e o 45+080, entre Agualada e o cemiterio de Agrilloi, pola marxe dereita da estrada.

Máis en concreto, no primeiro dos tramos, duns 800 metros de lonxitude, no final da senda Bértoa-Carballo e no inicio da beirarrúa próxima ao centro comercial, xa existen partes de sendas de nova execución e outras en que hai que renovar ou ampliar a beirarrúa existente e eliminar obstáculos, de xeito que o proxecto permitirá acadar un itinerario continuo accesible. Por outra banda, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria, prevese unha leve modificación da curva existente ao longo dese treito.

No núcleo de Bormoio executarase o segundo dos tramos pola marxe dereita da AC-552, duns 560 metros. Ao final das beirarrúas de Agualada e o punto de acceso ao cemiterio de Agrilloi construírse unha pasarela ou ampliación de estruturas no seu paso polo río Calvar. Levarase a cabo unha ampliación da ponte mediante un beiril que permita a integración na plataforma do espazo necesario para a implantación da nova senda peonil.

É importante salientar que o Concello realizou achegas no período de información pública que xa non era posible incorporar ao proxecto, pero que serán analizadas ou implantadas durante a execución das obras, como a conexión co sendeiro de madeira que o concello promoveu no rego da Balsa.

Esta actuación supón seguir avanzando no Plan de sendas da comarca de Bergantiños, no cal 6 dos itinerarios previstos nunha primeira fase están xa en servizo e practicamente finalizado a senda entre Carballo e Coristanco cun investimento autonómico de máis de 1 millón de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, a Xunta impulsou a execución de 11 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe cun investimento de preto de 5 M€. As actuacións están cofinanciadas con fondos Feder 2014/2020.

O Goberno galego seguirá impulsando a construción de novas sendas na comarca de Bergantiños co obxectivo de dotar os veciños de itinerarios que lles permitan facer os seus desprazamentos cotiás de xeito máis cómodo, seguro e sustentable.

Deste xeito, o Executivo autonómico aprobou xa o pasado mes de outubro as expropiacións para executar as sendas de Soesto e de Serantes, en Laxe, que suporán un investimento de 334.000 euros. Ademais, están licitadas as obras en Xornes e en tramitación a senda do Couto, en Ponteceso.

Planta xeral do treito cara ao contorno do centro comercial




COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planta xeral do itinerario no núcleo de Bormoio



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REDUCIRÁ O VINDEIRO ANO A SUBA DAS PEAXES DAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS PARA LIMITAR O IMPACTO DO INCREMENTO DO IPC NAS TARIFAS

- O Consello da Xunta autoriza a modificación do convenio coa concesionaria Autoestradas de Galicia para limitar a suba das tarifas das peaxes a menos da metade do que lle correspondería polo incremento do IPC
- O Goberno galego achegará 550.000 € para reducir do 5,09 % previsto ao 2,5 % o aumento das peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo e do Val Miñor
- No caso dos vehículos lixeiros, o incremento máis elevado será o mínimo posible, é dicir, de 5 céntimos
- Con esta medida da Xunta as autoestradas autonómicas seguirán sendo das máis baratas de España, cun custo medio por quilómetro inferior ao das autoestradas estatais AP-9 e AP-53
- As autoestradas autonómicas manteñen as bonificacións establecidas por recorrencia, en horario nocturno ou para as familias numerosas

O Goberno galego reducirá en 2022 a suba das peaxes das autoestradas autonómicas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57) para limitar as consecuencias do incremento do IPC nas tarifas aos usuarios.

O Consello da Xunta deulle luz verde á modificación do convenio coa concesionaria Autoestradas de Galicia co obxectivo de limitar a suba das tarifas das autoestradas autonómicas a menos da metade do que lle correspondería polo incremento do IPC, segundo o estipulado no contrato.

Deste xeito, o Goberno galego achegará 550.000 euros para mitigarlles aos cidadáns o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, reducindo do 5,09 % previsto ao 2,5 % o aumento das tarifas.

O Executivo autonómico, a través desta medida, continúa a traballar para minimizar o impacto económico que están experimentando as familias ou os profesionais do transporte por mor da crise enerxética, de abastecemento e de prezos de materiais, que se reflicten no prezo das materias primas e no custo dos servizos.

O incremento derivado do IPC suporía que as tarifas das autoestradas autonómicas sufrirían un aumento dun 5,09 %, despois de anos conxeladas ou mesmo con descensos nas súas tarifas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a Xunta promove unha modificación do convenio coa concesionaria para que o aumento das tarifas se reduza a menos da metade do previsto sen esta intervención, limitándoo ao 2,5 %.

De modo máis concreto, dado que as peaxes na AG-55 e na AG-57 se redondean a 5 céntimos para os distintos itinerarios, o efecto desta medida é diferente segundo o treito. Para vehículos lixeiros, a suba máis elevada será a mínima, de 5 céntimos.

Na AG-55 e para vehículos lixeiros, co incremento de tarifas de acordo co IPC, de 11 itinerarios subirían 6. Porén, coa limitación establecida pola Xunta ao 2,5 %, só subirán 2 treitos e en todos estes auméntase un importe mínimo, de 5 céntimos.

Na AG-57 e para vehículos lixeiros, coa suba de acordo co IPC, de 12 itinerarios subirían 10. Non obstante, limitando a suba ao 2,5 %, só aumentan o prezo 6 itinerarios, e todos eles na contía mínima, de 5 céntimos.

Bonificacións

Cómpre lembrar que as autoestradas autonómicas, aínda que son das máis baratas de España, contan con distintas liñas de bonificacións impulsadas pola Xunta.

En día de hoxe as autoestradas autonómicas teñen o custo medio máis baixo de Galicia, máis baixo que o da AP-9 incluso tras a aplicación das novas bonificacións: sen IVE, 5,6 céntimos/km nas autoestradas autonómicas, por 6,1 céntimos/km de tarifa media da AP-9; ou os 7,7 céntimos/km (sen IVE) da AP-53.

Con esta medida impulsada pola Xunta, as autoestradas autonómicas seguirán sendo das máis baratas de España, cun custo medio por quilómetro inferior ao das autoestradas estatais AP-9 e AP-53.

Cómpre lembrar que o Goberno galego ampliou este ano o desconto do 25 % da volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Con esa modificación, estendeuse ás 24 horas despois do traxecto de ida o desconto do 25 % da viaxe de volta, e do 50 % na segunda viaxe de volta. Refórzase así o anterior período de bonificación que establecía que a volta debía realizarse no mesmo día natural que a ida, favorecéndolles ás persoas que se desprazan por estas vías acceder aos servizos públicos ou ao seu lugar de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén está en vigor a bonificación ás familias numerosas nas estradas autonómicas, descontándolle o 100 % da viaxe de volta a este colectivo.

Estes descontos son compatibles con outras bonificacións en funcionamento como a rebaixa do 50 % en horario nocturno.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 20 % ATA OS 3 M€ O ORZAMENTO DAS AXUDAS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS E ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE GALICIA

- As subvencións teñen como finalidade contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal
- As axudas que se conceden poden acadar a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos
- O Goberno galego leva destinados case 16 M€ nos últimos anos nesta orde de axudas a través da cal se financian os investimentos nos inmobles da súa titularidade e na adquisición do material necesario para o seu funcionamento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a convocatoria de subvencións para 2022, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria, destinadas a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais, por un importe de 3 millóns de euros.

A Xunta incrementa o orzamento destas axudas nun 20 %, con 500.000 euros máis respecto aos 2,5 millóns da convocatoria deste ano. O investimento realizado pola Administración autonómica desde 2016 acada os 15,9 millóns de euros, incluídos os 3 millóns previstos para a convocatoria do próximo exercicio.

A través desta orde, o Goberno galego contribúe a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Deste xeito, poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles da titularidade das entidades solicitantes, así como os equipamentos necesarios para o seu funcionamento.

Así, entre os proxectos subvencionables inclúense obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais e adquisición de equipamento para o seu funcionamento ordinario, tanto material básico –mobiliario, equipos de oficina ou equipamento informático e audiovisual– como específico para as actividades previstas. Ademais, no caso das comunidades de usuarios de augas financiaranse obras de mellora, reforma e reparación das traídas de auga comunitarias promovidas por comunidades de usuarios de augas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas económicas que se concedan poderán acadar a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos

Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres de auga debidamente inscritas no rexistro público correspondente. No caso das asociacións veciñais ou de mulleres rurais, no rexistro de asociacións da comunidade central ou provincial, e as comunidades de usuarios de augas, no libro de rexistro de augas do correspondente organismo de bacía. Todas elas deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños ou como asociación de mulleres rurais.

A orde tramitarase en réxime de concorrència competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos nela. Ademais, mantense a posibilidade da concesión de anticipos de ata o 100 %, que se farán efectivos unha vez realizada a notificación da subvención, por solicitude da entidade beneficiaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CO CLÚSTER DA SAÚDE UNHA OFICINA TÉCNICA PARA AVANZAR NA CANDIDATURA GALEGA AOS FONDOS EUROPEOS NEXT GENERATION NO MARCO DO PERTE SANITARIO

- O Consello autoriza a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, a colaborar co clúster na activación desta infraestrutura, que aspira a promover a transformación do sector a través de novas iniciativas que melloren os cuidados e a asistencia dos galegos e galegas
- Galicia busca anticiparse mediante o seu posicionamento ante a recente convocatoria deste Perte por parte do Goberno central
- A oficina facilitará o desenvolvemento de proxectos en ámbitos como a medicina e o diagnóstico personalizado, os hábitos saudables para unha boa prevención, ou propostas sociosanitarias como a integración e interoperabilidade da historia clínica e a historia de vida
- A Xunta repite esta fórmula de colaboración que xa puxo en marcha para outras dúas industrias estratéxicas: agroalimentación e automoción

O Goberno galego e o Clúster da Saúde colaborarán para a posta en marcha dunha oficina técnica que facilite o impulso e a captación de proxectos no ámbito sanitario no marco dos fondos europeos Next Generation e, con especial atención, ao posicionamento de Galicia no Perte vinculado a este sector.

Para acadar este obxectivo, e tras a autorización aprobada hoxe no Consello da Xunta, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, asinará un convenio coa asociación na procura de promover a mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización do sector da industria sanitaria galega mediante a posta en marcha de diferentes proxectos coa participación do máximo número posible de pemes e grandes empresas do sector.

Neste marco, o acordo, que conta cun financiamento para o próximo ano de máis de 330.000 euros, dos cales o Goberno galego achegará ata o 90 %, reforzará a cooperación público-privada na industria. O obxectivo é transformar o tecido empresarial do sector mediante unha transición tecnolóxica, dixital e ecolóxica baseada na innovación e no desenvolvemento de servizos e produtos que melloren os cuidados e a asistencia da sociedade civil, potenciando o coñecemento, a investigación e a mellora dos procesos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, Galicia busca posicionarse ante a convocatoria recentemente aprobada polo Goberno central para o Proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica (Perte) *Saúde de vangarda*.

A oficina técnica permitirá traballar no impulso da recuperación e transformación do sector en Galicia a través da mobilización de proxectos, tanto no marco dos fondos europeos Next Generation como noutras convocatorias de carácter nacional ou comunitario de interese para esta industria.

Así, a oficina actuará como observatorio dos programas de axudas que se convoquen; identificará as oportunidades definindo os proxectos tractores e singulares compatibles cos diferentes programas e liñas; prestará asistencia e soporte ás empresas e entidades na preparación, tramitación e presentación de propostas de interese; apoiará a súa tramitación técnica e administrativa; e fará un seguimento e avaliación dos proxectos levados a cabo.

Galicia aspira, desta forma, a levar a cabo iniciativas en ámbitos tan importantes como a medicina e diagnóstico personalizado, os hábitos saudables para unha boa prevención, ou proxectos sociosanitarios como a integración e interoperabilidade da historia clínica e a historia de vida.

De feito, a medicina personalizada é un dos sectores considerados estratéxicos por Galicia no eido da candidatura galega aos fondos europeos Next Generation, tal e como se lle trasladou ao Goberno central. Así, Galicia conta cun importante potencial en ámbitos como a medicina xenómica, o descubrimento de fármacos e a investigación oncolóxica, polo que o programa Next Generation Galicia Health inclúe proxectos como o de Zenda, centrado nunha fábrica de vacinas (111 M€).

O convenio para a posta en marcha desta oficina técnica súmase aos acordos tanto co Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), para contar cunha oficina centrada en proxectos agroalimentarios, como co Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga), para impulsar os proxectos de AutoÁncora e que lidera Stellantis en Vigo da man da industria auxiliar e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT PARA IMPULSAR A CAPACITACIÓN DIXITAL DOS GALEGOS

- Investirá 22 millóns de euros entre 2022 e 2025 na transformación física dos centros, na dotación de equipamento tecnolóxico punteiro e nunha estratexia formativa adaptada ao novo marco galego de competencias dixitais
- Ademais, o Plan permitirá ampliar o número de aulas e intensificará a presenza da Rede no rural cun servizo de aula móbil
- A Rede será o instrumento fundamental para acadar o obxectivo marcado polo Plan de recuperación e resiliencia para 2025 de que máis de 45.000 persoas consigan a acreditación en competencias dixitais
- Con este plan o Goberno galego incrementa o esforzo para lograr obxectivos establecidos na Estratexia Galicia dixital 2030 como que o 70 % dos galegos teñan competencias dixitais básicas en 2025
- A Rede CeMIT impartiu máis de 453.000 horas de formación desde a súa posta en marcha en 2011 e máis de 100.000 persoas se beneficiaron das súas iniciativas
- Nesta década a porcentaxe de galegos e galegas usuarios da internet incrementouse en máis dun 85 %

A Xunta pon en marcha o Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT, desenvolvido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para impulsar a capacitación dixital dos galegos. A reformulación de servizos e espazos converterá a rede nun instrumento clave para que Galicia logre o obxectivo marcado polo Compoñente 19.11 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de formar en competencias dixitais 45.790 persoas ata 2025. Tamén será fundamental o papel dos centros para acadar que o 70 % dos galegos e galegas teña competencias dixitais básicas, o 50 % deles mulleres, segundo establece a Estratexia Galicia dixital 2030.

O plan, aprobado hoxe no Consello do Goberno galego, suporá un investimento de 22.776.304 euros ata 2025 para abordar a transformación física e arquitectónica dos centros; a dotación de equipamento tecnolóxico punteiro; a posta en marcha dun novo servizo de aula móbil; o reforzo dos servizos dixitais e adaptar a estratexia formativa ao novo marco galego de competencias dixitais, que entra en vigor en xaneiro de 2022.

Ademais, o plan prevé a ampliación de ata 30 novas aulas, para o cal se establecerá un mecanismo de adhesión dos concellos interesados no novo convenio marco que se asinará coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Abrirase unha convocatoria pública para os concellos interesados, na cal primará o maior número de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poboación atendida, o maior número horas de actividades e o horario de apertura, así como a maior distancia á aula de referencia máis próxima. Ademais, Galicia adherirase a un convenio con outras comunidades que permitirá compartir ferramentas e contidos no ámbito da formación e competencias dixitais.

Cómpre sinalar que o Consello da Xunta aprobou hoxe prorrogar o vixente convenio entre a Amtega e a Fegamp para a xestión da subvención e a entrega e distribución dos fondos públicos ás entidades locais para a realización das actividades da Rede CeMIT. O importe para 2022 é de 813.00 euros, nun ano que confluirá cun proceso de transición ata acadar o novo modelo de Rede CeMIT previsto no Plan de reforma e ampliación.

Dotación tecnolóxica punteira e reforma das aulas

A primeira liña estratéxica do plan recolle a dotación de material tecnolóxico punteiro ás aulas (equipamentos *All-in-one*, con complementos inclusivos para persoas con discapacidade, impresoras 3D, kits de robótica e drons, lentes de realidade virtual, kits de placas de comunicación e programación...) para acadar unha experiencia formativa plena por parte da cidadanía. A segunda liña de actuación centrarase na transformación física e mesmo arquitectónica dos centros CeMIT, que serán, tras a súa adaptación, máis flexibles e permitirán novos usos acordes coas últimas tendencias didácticas e tecnolóxicas.

Formación adaptada ao marco galego e europeo

A terceira liña de acción incidirá na potenciación da formación, reforzando os recursos formativos e humanos dos centros para permitir que máis de 45.000 persoas logren a acreditación en competencias dixitais regulada polo Marco galego de competencias dixitais, que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro, e que supón a transposición e adaptación ao escenario galego do Marco europeo de competencia dixital para a cidadanía.

O plan busca asegurar que a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha mellor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables, fomentando a igualdade dixital.

Aula móbil e servizos dixitais

A cuarta liña de intervención céntrase en intensificar a presenza no rural a través dun servizo de aula móbil que permitirá achegar a capacitación dixital a todos os puntos da xeografía galega. Por último, reforzaranse os servizos dixitais (os espazos web do proxecto, a plataforma formativa en liña...) e o seu soporte e mantemento, como medida transversal para contribuír ao fortalecemento de todas as liñas de actuación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os obxectivos do novo Plan da Rede CeMIT

O Plan busca asegurar que a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha mellor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables, fomentando a igualdade dixital.

As diferentes vías de actuación promoven tamén unha rede de puntos físicos para o uso libre do equipamento tecnolóxico e a conectividade.

Máis de 100.000 usuarios

A Rede CeMIT é unha iniciativa posta en marcha pola Amtega que conta coa colaboración de 91 concellos e está integrada por 97 centros en 52 comarcas, co obxectivo común de transformar a cidadanía galega nunha sociedade plenamente dixital, ofrecendo recursos de capacitación adaptados ao nivel de coñecemento das persoas usuarias.

Desde a súa posta en marcha hai máis de 10 anos, máis de 100.000 persoas se beneficiaron das súas iniciativas. En concreto, en 30 de novembro contaba con 103.853 persoas usuarias. Delas, un 59 % son mulleres e destaca o uso maioritario por parte das persoas que teñen entre 45 e 54 anos, que supoñen un 22,7 % dos usuarios totais. As persoas de 55 e máis anos representan o 27,5 % dos usuarios, unha porcentaxe que se incrementou nun 31 % desde os inicios da Rede CeMIT, xa que en 2012 era do 21 %.

Na rede ofertáronse, desde 2011, máis de 453.700 horas de formación que, unidas ás restantes iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para lograr a inclusión dixital, contribuíron a que o 87,1% dos galegos e galegas empreguen a internet, segundo os últimos datos do INE. Esta porcentaxe supón un incremento de máis do 85 % con respecto ao dato de 2010, en que a usaba o 47 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA ACTUACIÓN PARA DOTAR DE TELEFONÍA MÓBIL 290 NÚCLEOS GALEGOS SEN COBERTURA

- Investirá 10 millóns de euros en facilitar cobertura 4G en diferentes zonas illadas de 65 concellos das catro provincias galegas
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dunha subvención por 3,7 millóns euros ao operador Vodafone
- É a primeira liña de axudas para a extensión de telefonía móbil en España aprobada pola Comisión Europea
- Ante a falta de plans do Estado, que é o organismo con competencias na materia, e a falla de interese dos operadores en prestar servizos nestas zonas illadas, a Administración autonómica optou formular esta iniciativa ante a Unión Europea, que acaba de validala
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dunha subvención de preto de 4 millóns de euros que facilitará a cobertura de móbil en zonas de 65 concellos
- Esta actuación realizouse en colaboración coa Fegamp, coa cal se asinou en 2019 un convenio para poder identificar as zonas con carencia de cobertura móbil
- A mellora da cobertura é unha prioridade para Galicia, que só recibirá 0,5 millóns de euros dos 4.000 millóns do Plan de recuperación e resiliencia para conectividade
- A Comunidade contará con 19,1 millóns de euros, que só se poderán empregar para desenvolver 4 medidas xa predefinidas polo Estado sen atender as particularidades de Galicia

A Xunta pon en marcha unha actuación para dotar de cobertura móbil 290 núcleos de 65 concellos galegos, unha medida na cal investirá arredor de 10 millóns de euros, dos cales 3,7 corresponden á subvención aprobada hoxe no Consello da Xunta, concedida en réxime de concorrencia competitiva, ao operador Vodafone para dotar de cobertura 4G en zonas illadas deses municipios. Trátase da primeira liña de axudas para a extensión de telefonía móbil en España aprobada pola Comisión Europea.

A Administración autonómica trasladou esta iniciativa á Unión Europea hai dous anos, ante a falta de iniciativas do Estado, organismo con competencias na materia e falta de interese dos operadores en dar servizo a zonas illadas de Galicia. A pesar das actuacións levadas a cabo nos últimos anos, que acadaron a cobertura móbil do 98 % da poboación, aínda existen territorios (zonas rurais illadas, espazos naturais) que carecen de cobertura 4G.

Para sacar adiante esta medida, a Xunta de Galicia contou coa colaboración da Fegamp, coa cal asinou un convenio de colaboración, así como coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), para identificar as carencias, xa que o Estado non

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dispoñía dun mapa detallado de cobertura que permitise establecer as carencias. Dos 94 concellos que solicitaron adherirse ao convenio e cumprían os requisitos, tras as comprobacións da AETG, detectáronse deficiencias de 4G en 65 deles.

Esta actuación puntual da Xunta contará co apoio do operador público Retegal, que construírá ata 100 localizacións de soporte para o equipamento de telefonía móbil, que porá á disposición de todos os operadores, permitindo non só a mellora da cobertura de telefonía móbil no ámbito desta medida, senón tamén o soporte a novas redes que permitan mellorar na dixitalización do rural.

Galicia recibirá só o 0,5% dos 4.000 millóns do Estado para conectividade

É preciso continuar a mellorar a cobertura e tecnoloxía das redes móbiles para que o 5G estea dispoñible para todo o territorio de Galicia.

De cara ao próximo período, é o Goberno central quen conta cos novos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) no eido da banda larga, cun total de máis de 4.000 millóns de euros, dos cales lles transferirá as comunidades autónomas un 9%.

En concreto, Galicia recibirá só o 0,5% dos 4.000 millóns de euros, un total de 19,1 millóns de euros, que só se poderán empregar para a posta en marcha de 4 medidas xa predefinidas polo Estado, sen marxe para decidir o mellor criterio para executar estes fondos atendendo ás particularidades de Galicia.

O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital resérvase, polo tanto, o 91% dos fondos para resolver os problemas de conectividade fixa e sen fíos en todos os territorios e cumprir cos obxectivos que marca Europa. Entre eses obxectivos está o de que o 100% da poboación teña acceso á banda larga de ao menos 100 Mbps.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTERÁ POR TERCEIRO ANO CONSECUTIVO EN 2022 O PAGAMENTO DA TOTALIDADE DA RENDA MENSUAL DOS BENEFICIARIOS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

- As axudas que convocará proximamente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o complemento suman 860.000 euros de orzamento
- O prazo de presentación de solicitudes comezará o vindeiro 3 de xaneiro
- Desde o ano 2015 a Xunta investiu 9,7 M€ en axudas ao alugueiro para os colectivos máis vulnerables, coa concesión de 1.420 destes bonos e 1.549 ampliacións, así como 420 bonos e 192 prórrogas a vítimas de violencia de xénero

A Xunta de Galicia manterá en 2022 o seu compromiso cos colectivos máis vulnerables, aos cales lles seguirá facilitando axudas para facer fronte ao alugueiro. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará novamente no vindeiro exercicio o Bono de alugueiro social, así como a axuda complementaria con que se cubrirá por terceiro ano consecutivo a totalidade da renda dos beneficiarios.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a resolución pola cal se convocarán proximamente estas subvencións, que suman un importe global de 860.000 euros. Está previsto que o prazo de presentación de solicitudes comece o vindeiro 3 de xaneiro.

O Bono de alugueiro social é un programa creado para facilitar o acceso e o mantemento dunha vivenda en réxime de arrendamento a aqueles colectivos con maiores dificultades económicas.

A concesión inicial do bono é por un período de 12 meses, prorrogables por dous anos máis logo de petición da persoa interesada. Posteriormente, poderá ampliarse de forma extraordinaria por outros tres exercicios, polo que a duración máxima de percepción das subvencións poderá estenderse ata os seis anos.

Así mesmo, o Bono tamén prevé a concesión dunha axuda adicional de 600 euros para cubrir os gastos de formalización dun novo contrato de alugueiro ou, no caso de que o beneficiario permaneza na mesma vivenda, para atender débedas subsistentes.

Coa concesión desta axuda e do complemento, o beneficiario recibe o 100 % da mensalidade máxima do alugueiro; no caso das sete cidades galegas pode chegar ata os 450 euros; en concellos de tamaño medio, ata 400 euros; e no resto, 350 euros.

9,7 millóns de euros desde 2015

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O instituto Galego da Vivenda e Solo puxo en marcha no ano 2015 o Bono de alugueiro social. En abril de 2020, como consecuencia da COVID-19, o Goberno galego decidiu complementar estas axudas para sufragar a totalidade da renda mensual dos beneficiarios e en 2021 decidiuse que este complemento se mantería tamén durante todo o ano 2021.

Así, unha das resolucións que se someteu hoxe ao Consello prevé que a axuda complementaria, como se dixo, se manteña en 2022.

Desde a posta en marcha do programa ata a última convocatoria concedéronse un total de 1.420 bonos por un importe de 4,4 millóns de euros, ao cal se sumaron as 1.549 prórrogas (3,6 millóns de euros).

Cómpre lembrar que a Xunta dispón tamén do Bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero, os seus fillos dependentes e vítimas de explotación sexual, cuxos beneficiarios reciben así mesmo o 100 % do custo do alugueiro.

Este bono específico creouse en 2019 e desde entón concedéronse 420 por importe de 1,2 millóns de euros e 192 prórrogas por importe de 483.000 euros, polo que o investimento total nel foi de case 1,7 millóns de euros.

Deste xeito, o Goberno galego xa investiu 9,7 millóns de euros en axudas ao alugueiro para os colectivos máis vulnerables desde o ano 2015.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARBO PARA A MELLORA INTEGRAL DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2,3 MILLÓNS DE EUROS

- Executarase unha nova estación de tratamento de auga potable, obras de renovación do bombeo principal, unha nova tubaxe de impulsión cara ao Couto de maior diámetro e unha nova conexión entre os depósitos do Couto e Paravedra
- A Xunta achegará máis de 2,1 M€ e executará as obras, e o Concello de Arbo contribuirá coa cantidade restantes, preto de 163.000 €
- Unha vez se conte coa documentación municipal preceptiva, Augas de Galicia licitará as obras, co obxectivo de comezalas no segundo semestre de 2022
- As actuacións da Xunta perseguen resolver os problemas no sistema de abastecemento municipal, mellorando a rede e asegurando o abastecemento estival, minimizando as perdas de auga e optimizando os depósitos
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Arbo para a mellora integral do sistema de abastecemento do municipio, que suporá un investimento de máis de 2,3 millóns de euros.

A través desta cooperación impúlsase unha nova estación de tratamento de auga potable, así como actuacións de renovación do bombeo principal, unha nova tubaxe de impulsión cara ao Couto de maior diámetro e unha nova conexión entre os depósitos do Couto e Paravedra.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, achegará máis de 2,1 millóns de euros. O Concello de Arbo contribuirá ao financiamento restante, destinando preto de 163.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización. As obras teñen un prazo de execución de oito meses.

Pola súa banda, a entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, realizarase a consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, aprobación municipal do proxecto e trámite de información pública.

Tras isto, a Xunta licitará as obras, cuxa execución se prevé iniciar no segundo semestre de 2022. As obras teñen un prazo de execución de 8 meses.

Esta intervención será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

O detalle das obras

O concello de Arbo dispón dun sistema de abastecemento baseado na captación de auga nos ríos Cea e Deva, mediante a impulsión aos depósitos do Couto. Estas instalacións son moi antigas, polo que sofren importantes perdas e a subministración non está garantido, sobre todo en época estival.

A intervención busca solucionar as deficiencias detectadas na captación do río Deva, que abastece a practica totalidade do municipio, tras rematarse en xullo deste ano a primeira fase das obras realizadas por Augas de Galicia, de impermeabilización dos depósitos e instalación de equipamentos para o control do caudal e cloro libre.

As obras obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico inclúen unha nova estación de tratamento de auga potable no Couto, a renovación das estacións de bombeo principais e a execución doutro bombeo coas súas correspondentes impulsións, 4 km de tubaxe en total, xunto coa rehabilitación de dous depósitos.

Coa execución destas actuacións preténdese resolver os problemas no sistema de abastecemento municipal, mellorando a rede e asegurando o abastecemento estival, minimizando as perdas de auga e optimizando os depósitos.

Para executar o bombeo de praia do Val substituiranse os equipamentos de bombeo existentes por 1+1 con novas bombas centrífugas verticais. Será precisa a renovación da caldeiraría e a valvularía. O bombeo contará cun sistema de control, xestión e supervisión composto por un autómata programable con pantalla táctil e sistema de telexestión avanzada mediante comunicación 4G. Na impulsión entre a praia do Val e O Couto mudarase a tubaxe de impulsión por unha nova de algo máis de 2 km de lonxitude.

A obra na estación de tratamento de auga potable no Couto está deseñada para tratar un caudal de 50m³/h. A auga bruta procedente do novo bombeo da praia do Val entrará

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

directamente na cámara de mestura onde se inicia o tratamento. Todos os equipamentos, salvo o pretratamento compacto, se aloxarán nun novo edificio.

O bombeo do Couto executarase sobre o depósito O Couto 1, nunha caseta existente, e colocaranse 1+1 bombas centrífugas verticais. O bombeo contará, tamén, cun sistema de control, xestión e supervisión composto por un autómatas programable con pantalla táctil e cun sistema de telexestión avanzada mediante comunicación 4G.

No caso da impulsión entre O Couto e Paravedra substituirase a tubaxe de impulsión por unha de 80 mm de diámetro e máis de 2,1 km de lonxitude total.

Ademais, rehabilitaranse os depósitos do Couto e de Paravedra.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 4,2% A CONVOCATORIA POSDOCTORAL 2022 CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 9,8 M€ PARA 72 NOVOS CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

- O Consello dá luz verde a 49 axudas de apoio á formación inicial e outras 23 axudas de continuidade de doutores para iniciar liñas de investigación propias que lles permita consolidar a súa traxectoria
- Introdúcense mecanismos correctores para evitar a discriminación ou penalización de mulleres e homes en casos de maternidade, paternidade, adopción ou incapacidade temporal, entre outros
- No caso das axudas á formación inicial incrementábase nun 12 % o salario base, que acadará os 32.000 € anos ademais dos complementos de ata 2.000 € segundo o lugar de destino
- Os beneficiarios coa modalidade de continuidade formalizarán un contrato de 49.000 €/ano durante dous anos
- Estas axudas enmárcanse na aposta do Goberno galego por favorecer a carreira científica e o desenvolvemento dun sistema galego de investigación forte especializado

O Consello da Xunta aprobou as ordes conxuntas entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se convocan as axudas de apoio á formación posdoutoral por un importe de 9,79 millóns de euros (un 4,22 % máis que na última convocatoria) e un total de 72 contratos científicos para o ano 2022 (49 deles na modalidade de formación e outros 23 na de continuidade).

Deste xeito, o Goberno galego implementa un ano máis o programa de formación posdoutoral, que ten por obxectivo incorporar persoal investigador ao sistema de I+D+i galego, fomentar a adquisición e perfeccionamento das súas competencias, favorecer a mobilidade internacional e posibilitar a continuación da formación de doutores co establecemento dunha liña de investigación propia.

Desta vez –segundo a Lei 13/2021 en materia de igualdade– ambas as convocatorias introducen mecanismos correctores e obxectivos no sistema de puntuacións para evitar a discriminación ou penalización de mulleres e homes en casos de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Etapa de formación

Na modalidade de apoio á etapa de formación posdoutoral convócanse un total de 49 axudas por un importe total de 7,4 M€, cunha suba do 7,2 % do orzamento con respecto á última convocatoria deste tipo.

Os beneficiarios accederán a un contrato de investigador de tres anos de duración e cun salario bruto anual de 32.000 €, o que supón un incremento do 12 % con respecto aos 28.600 € da anterior convocatoria.

Ademais do soldo base anual, por cada mes de estadía os beneficiarios recibirán un complemento de 1.000 euros (Portugal ou Andorra), 1.500 euros se o destino da estadía está en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) e 2.000 euros se o destino da estadía está en Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía.

Así mesmo, as persoas investigadoras que acaden a condición de bolseiras Fulbright recibirán a maiores outra contía de 500 euros brutos mensuais durante cada período de estadía en Estados Unidos.

Axudas de continuidade

Por outra parte, as axudas para completar a etapa de formación posdoutoral autorizada hoxe consiste nun contrato de dous anos de duración e nunha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, co fin de dar continuidade á carreira investigadora destas persoas, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

Poderanse conceder ata 23 axudas (20 para as universidades do Sistema universitario Galego e tres no resto de entidades beneficiarias) de dous anos, por un importe total máximo de 49.000 euros anuais cada unha delas.

O importe das axudas nesta modalidade destinarase a pagamento dos contratos, custos sociais, axuda para a creación dunha liña de investigación propia e complementos a cada entidade beneficiaria por persoa contratada. Entre os gastos considerados elixibles, asociados á creación dunha liña de investigación propia, están a compra de pequeno equipamento inventariable e material funxible ou material bibliográfico, a contratación de persoal investigador ou auxiliar, ou os gastos derivados do uso de ferramentas de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVARÁ UN NOVO PROGRAMA CON 11 M€ PARA GARANTIR A PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL A ATA 520 MOZOS E MOZAS NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

- A iniciativa insírese no Plan emprego xuventude, ao cal a Xunta destinará en 2022 cerca de 52 millóns de euros para incentivar a contratación xuvenil
- O obxectivo consiste en ofrecerlles a persoas mozas desempregadas a oportunidade de contar cunha primeira experiencia profesional por medio dun contrato de doce meses e a xornada completa en calquera das entidades do sector público autonómico
- O Goberno galego priorizará os destinos en postos de emprego verde e ou que garden relación coas competencias dixitais
- A selección de candidatos realizarase preferentemente a través do Servizo Público de Emprego de Galicia

A Xunta incentivará en 2022 a contratación de persoas menores de 30 anos desempregadas por parte das administracións públicas coa finalidade de brindarlles a súa primeira experiencia profesional. O Consello aprobou un novo programa, *Primeira experiencia profesional nas administracións públicas*, co cal aspira a que mozas e mozos poidan obter un primeiro contrato de doce meses e xornada completa.

O programa forma parte do Plan emprego xuventude, unha firme aposta da Xunta de Galicia polo emprego xuvenil dotada con 51,8 millóns de euros, e con políticas de emprego deseñadas especificamente para este sector de poboación, un dos colectivos prioritarios para o Goberno galego.

Co programa aprobado hoxe a Xunta destina 11,2 millóns de euros de fondos europeos para a recuperación, para que a Administración autonómica e as súas entidades instrumentais formalicen contratos en prácticas con traballadores e traballadoras menores de 30 anos e desempregados. Trátase de brindarlles aos máis novos unha primeira experiencia laboral, unha vez que teñan completada a súa etapa formativa.

Neste marco a Xunta destinará o 20 % dos fondos a incentivar a incorporación a empregos verdes -cos cales se contribúe a preservar e restaurar o ambiente- como os relacionados coa agricultura, gandaría e pesca; coa restauración de ecosistemas ou a implantación de modelos de explotación animal máis ecolóxicos e sustentables; ou as actividades de incremento da eficiencia do consumo de enerxía e materias primas. Outro

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

20 % destinarase á liña de competencias dixitais e a porcentaxe restante a empregos en xeral. Estímase que o programa podería supor a contratación de entre 349 e 524 persoas.

O Goberno galego sufragará custos laborais e salariais das persoas que incorporen administracións ou entidades, que deberán estar contratadas durante doce meses e a xornada completa con contías que irán dos 21.405 euros aos 32.108 por persoa en función da súa categoría profesional.

A selección de candidaturas realizarase preferentemente a través das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. No proceso de selección terase en conta a adecuación das traballadoras e traballadores ao posto, os estudos específicos sobre a materia e unha valoración curricular.

Co Plan emprega xuventude, a Xunta promoverá en 2022 actuacións para o emprego dirixidas especificamente ás persoas máis novas. Dotado cun total de 51,8 millóns de euros, nace como iniciativa para apoiar a contratación e a formación da mocidade galega. No marco deste, ademais da iniciativa Primeira experiencia profesional nas administracións, e de potenciarse as vocacións científicas por medio do programa Investigo (13,1 millóns de euros), impulsárase o Talento 30 (22 millóns de orzamento), que incentivará e financiará a contratación de persoas mozas menores de 30 anos en empresas a través de contratos en prácticas ou de formación e aprendizaxe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A XESTIÓN DE CATRO RESIDENCIAS DE MAIORES PÚBLICAS QUE SUMAN 430 PRAZAS

Trátase do centro residencial Concepción Arenal da Coruña; o de Bembrive, en Vigo; o de atención a maiores dependentes do Carballiño e o de Bande

O Consello da Xunta de hoxe licitou a xestión de catro residencias de maiores públicas, entre as cales suman 430 prazas, por un período inicial de dous anos prorrogables ata os cinco. O valor estimado dos contratos, sumadas as prórrogas, ascende aos 50 millóns de euros e entrarán en vigor o vindeiro 1 de abril.

En concreto, esta licitación afecta dous equipamentos de 150 prazas cada un, que son: a residencia Concepción Arenal da Coruña e a de Bembrive, en Vigo. Esta última inclúe un centro de día de 20 prazas destinado á atención de persoas con alzhéimer e outras doenzas neurodexenerativas.

Tamén entran neste procedemento a residencia para maiores dependentes do Carballiño, que ata agora ofrecía 50 prazas e que incrementa a súa oferta ata as 80, e o centro de Bande, con 50 prazas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITA UN INVESTIMENTO DE 32,2 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE AS NENAS E NENOS NADOS EN 2022 TEÑAN ACCESO Á TARXETA BENVIDA

- Desde que se puxo en marcha en 2016, esta prestación contou cun orzamento acumulado de 127 millóns de euros
- Ata o de agora unhas 78.000 familias se beneficiaron desta axuda de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do cativo

O Consello da Xunta habilitou un investimento de 32,2 millóns de euros para que as nenas e nenos nados no ano 2022 teñan acceso á Tarxeta benvida, unha prestación que nos seus cinco anos de existencia supera xa un orzamento acumulado de 127 millóns de euros. O seu obxectivo é atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacia.

Desde a súa creación no ano 2016, a Tarxeta benvida achegou a máis de 78.000 familias unha axuda de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do cativo. Isto supón que oito de cada dez nenos nados neste período tiveron acceso a esta medida. Para acceder á Tarxeta benvida durante o primeiro ano a renda anual familiar deberá ser inferior aos 45.000 euros ou menor de 13.500 euros per capita.

En 2018, a Tarxeta benvida estendeuse ata o terceiro ano de vida da nena ou neno para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior a 22.000 euros. Así, para o primeiro fillo concedíanse 600 euros anuais; para o segundo 1200 euros anuais; e para o terceiro e sucesivos, 2.400 euros anuais.

Xa no ano 2019, habilitouse a posibilidade de que a Tarxeta benvida se solicitase durante o embarazo, para que non fixese falta esperar ao nacemento para comezar os trámites. Deste modo, para as familias que escollen esta opción, o prazo medio de espera para obter esta prestación pasou de dous meses e medio a un mes.

E no ano 2020, o Goberno galego introduciu catro novidades: un complemento do 25 % para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes; un complemento para as familias numerosas, de xeito que os terceiros fillos e sucesivos perciban 2.400 euros anuais desde o nacemento ata os tres anos; facilidades para a presentación de solicitudes por parte dos galegos retornados; e a posibilidade extraordinaria de ampliar a Tarxeta benvida ata os catro anos para as familias en situación de especial vulnerabilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA A ORDE DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO DAS CASAS NIÑO AO INCREMENTAR UN 10 % AS CONTÍAS QUE PERCIBEN AS SÚAS TITULARES

- A contía da convocatoria ascende a 4,7 millóns de euros e está dirixida ás casas que levan funcionando máis de tres anos
- Outra novidade da convocatoria é que inclúe unha subvención adicional de 500 euros ás casas máis antigas para que renoven o seu equipamento
- Ademais, por primeira vez, esta orde é plurianual, de forma que aquelas titulares que se presenten en 2022 xa estarán cubertas para os exercicios 2023 e 2024 sen necesidade de novos trámites administrativos

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde de axudas destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural, que inclúe un incremento do 10 % da subvención que viñan percibindo as titulares destes pequenos centros de atención á primeira infancia que son totalmente gratuítos para as familias. O orzamento total da convocatoria ascende a 4,7 millóns de euros e poderán acollerse a ela aquelas casas que levan funcionando máis de tres anos.

O aumento do 10 % da subvención supón elevar ata os 24.200 euros ao ano a contía que reciben as titulares destes equipamentos. O obxectivo é que poidan facer fronte ao incremento de gastos derivados da suba da luz ou das pólizas de seguro.

Outra das novidades desta orde é que inclúe unha achega adicional de 500 euros para aquelas casas niño que comezaron a súa actividade en 2016, coa finalidade de facilitar a renovación destes equipamentos máis antigos.

Simplificación dos trámites

Ademais, e como terceira mellora desta convocatoria en relación coas anteriores, simplifícanse os trámites para acollerse ás axudas. Por primeira vez ten carácter plurianual, de forma que aquelas titulares que se presenten en 2022 xa estarán cubertas de maneira automática para os exercicios 2023 e 2024, o que lles evitará novos trámites administrativos.

Galicia ten na actualidade 90 casas niño en servizo distribuídas por todo o territorio galego, entre as cales suman 450 prazas gratuítas para nenos de 0 a 3 anos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,15 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS PARA AS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar estas achegas, que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais de entidades bancarias nos anticipos que poidan recibir
- Estas entidades desenvolven os programas de prevención e control de determinadas enfermidades animais, que melloran as condicións hixiénicas e de benestar animal das explotacións e contribúen a manter o bo estado sanitario da facenda galega

A Xunta volverá destinar outros 2.150.000 euros o vindeiro ano ás axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). A achega destes fondos, que se mantén constante nos últimos anos, servirá para financiar o traballo que realizan estas entidades para desenvolver os programas facultativos de prevención e control de enfermidades animais.

O Consello do Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar estas axudas, que saíran proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, e concederanse sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais bancarios. Estes programas melloran as condicións hixiénicas das explotacións e de benestar animal, elevan o seu nivel produtivo e sanitario e contribúen a acadar un mellor status sanitario para a facenda gandeira galega. Mediante estas achegas, preténdese estimular a integración de gandeiros nestas entidades, establecendo axudas proporcionais ao esforzo económico que realizan estas agrupacións nos devanditos programas. Ademais, cabe destacar que estas agrupacións tamén facilitan o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, ao benestar e á sanidade animal.

A finalidade última destas axudas é a mellora do estado sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zosanitarios comúns para a prevención e o control de enfermidades dos animais. Ademais, no marco do mercado actual, resulta fundamental manter o devandito estado sanitario, desenvolvendo programas destinados ao control de determinadas doenzas, mellorando a rendibilidade e asegurando a comercialización de animais e dos produtos de orixe animal. Estes programas de planificación zosanitaria que se subvencionarán coa vindeira orde de axudas recolle aqueles que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2022 e o 28 de febreiro de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, no contexto do mantemento do nivel da sanidade animal, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa das AD SG, vinculada aos propios gandeiros galegos. Así, entre as enfermidades con programa sanitario nas agrupacións encóntranse a rino traqueíte infecciosa bovina (IBR), a diarrea vírica bovina (BVD) ou a paratuberculose no gando bovino, ovino e cabrún. Tamén están incluídas a enfermidade de Aujeszky, no gando porcino; a salmonelose, nas explotacións aviares; ou a mixomatose e a enfermidade vírica hemorráxica, nos coellos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 37,5 M€ O ANO QUE VÉN PARA A MELLORA DE EXPLOTACIÓNS E A INCORPORACIÓN DE MOZOS Á ACTIVIDADE AGROGANDEIRA

- O Consello da Xunta aprobou a próxima orde de axudas do Medio Rural para a execución de plans de mellora, a incorporación de mozos ao agro e o desenvolvemento de pequenas explotacións, así como a exención da achega de garantías para os beneficiarios da segunda liña
- Con estas subvencións, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e o fomento do emprego no sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural
- No período 2016-2020 o importe total aprobado para estas axudas superou os 253 millóns de euros en cinco convocatorias

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a próxima orde de axudas da Consellería do Medio Rural para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas de agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións, que contarán en 2022 cun orzamento de 37,5 millóns de euros. Estas subvencións de gran repercusión para o medio rural pertencen ao Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 e están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

En concreto, a partida asignada para sufragar investimentos en explotacións agrícolas (os coñecidos como plans de mellora) é de 20 millóns de euros; para a incorporación de mozos ao agro destinaranse 15 millóns de euros e, por último, para o desenvolvemento de pequenas explotacións haberá 2,5 millóns de euros.

No marco desta orde de axudas para o 2022, o Consello do Goberno galego tamén aprobou a exención da achega de garantías para os beneficiarios da liña correspondente á creación de empresas para as persoas agricultoras mozas. Deste xeito, os solicitantes que reciban axuda para incorporarse á actividade agraria non terán que presentar unha garantía do 100 % do importe aboable no pagamento á conta nin verse sometidos a controis *a posteriori*, quedan só obrigados a verificar a conformidade do seu plan empresarial. Así, a axuda terá carácter de pagamento a tanto global e concederase pola execución do plan empresarial ou plan de negocio, que terá unha duración de 24 meses.

Obxectivos

Esta é unha das ordes de axudas máis destacadas da Consellería do Medio Rural, tanto polo seu importe como polo número de beneficiarios. Con elas búscase mellorar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade. Ao mesmo tempo, procúrase acadar un rexueneamento da poboación activa agraria e o fomento do emprego neste sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural.

Polo tanto, estas axudas teñen unha gran repercusión no campo galego porque implican un gran número de axentes que participan neste labor, desde as oficinas técnicas que elaboran os proxectos ata os concellos que conceden as licenzas de obra e as pequenas e medianas empresas encargadas de realizar as obras contidas nos proxectos. Polo tanto, prodúcese un efecto multiplicador destas subvencións que dinamizan de maneira moi importante o medio rural.

Balance 2016-2020

No período de programación 2014-2020, cómpre facer balance da xestión destas achegas no rural galego, sinalando que as ditas subvencións comezaron a executarse no ano 2016 e están prorrogadas polo Parlamento Europeo ata decembro do ano 2022.

Neste senso, os datos relativos en canto á execución destas liñas de achegas nas cinco convocatorias son moi positivos, pois o importe total aprobado supera os 253 millóns de euros. Se temos en conta as orientacións produtivas dos expedientes aprobados, nas liñas de plans de mellora e incorporación de mozos destaca o vacún de leite, con 1.878 e 741 expedientes, respectivamente. No caso da liña de pequenas explotacións, destaca o vacún de carne, con 462 expedientes.

Se temos en consideración a repartición por provincias, a de Lugo encabeza os expedientes aprobados, seguida pola da Coruña, aglutinando entre ambas preto do 70 % dos expedientes aprobados no período 2016-2020. Por último, cabe sinalar que a incorporación de mulleres ten unha tendencia positiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 18 MILLÓNS DE EUROS AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023, PRETO DUN 26 % MÁIS QUE NA PASADA CONVOCATORIA

- O obxectivo deste plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas
- A repartición establecida para cada un dos concellos galegos fíxose con base nunha serie de criterios previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)
- A convocatoria destas axudas sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* ao longo do mes de xaneiro e os concellos terán un mes para solicitalas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para conceder axudas aos concellos de Galicia a través do Plan marco de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, co fin de seguir traballando na mellora das infraestruturas rurais. Para iso, a Consellería achegará preto de 18 millóns de euros de fondos propios que se xestionarán a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, case un 26 % máis de orzamento que na pasada convocatoria 2021-2022.

O obxectivo que se deberá alcanzar con este plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas. Estes camiños melloran o acceso ás 30.000 entidades de poboación nas cales se asentan as vivendas da poboación rural e supoñen as canles de entrada e saída das producións agrarias que precisan os negocios desta contorna. Por iso, a Xunta quere facilitar con estas actuacións a accesibilidade e a vertebración do territorio, dinamizando o tecido produtivo ao contribuír á mellora da capacidade organizativa destas áreas rurais.

Así, a finalidade destas axudas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, incluíndo tanto actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes. Porén, quedan excluídas as actuacións en rúas interiores, dentro dos núcleos de poboación.

Para chegar a cada un dos concellos da comunidade, establecéronse unha serie de criterios de distribución das asignacións económicas que foron previamente

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Estes criterios determináronse con base en indicadores obxectivos, a partir dun importe fixo por concello, habitante e entidade de poboación, dentro duns límites de máximos e mínimos, co fin de garantir unha repartición equitativa entre a totalidade de concellos. A estas variables incorporáronse factores correctores vinculados á superficie do concello, o peso do agro no municipio e o grao de despoboamento e de envellecemento. Ademais, prevese un incremento do 50 % para aqueles concellos fusionados.

O orzamento previsto para esta nova convocatoria, que sairá publicada a principios de ano no *Diario Oficial de Galicia*, repartirase por provincias da seguinte forma: 5,4 millóns de euros para A Coruña; outros 4,6 millóns de euros para Lugo; para Ourense van 4,3 millóns de euros, e 3,5 millóns de euros para os concellos da provincia de Pontevedra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AXUDARÁ OS CONCELLOS DE LOURENZÁ E XINZO DE LIMIA NA XESTIÓN DOS SEUS CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE NO SECTOR GANDEIRO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para subscribir dous convenios de colaboración con estes municipios para financiar parcialmente o custo da xestión destes centros, cunha achega de 24.000 euros para cada un dos acordos
- Estes concellos serán os encargados de contratar o persoal necesario para a prestación do servizo, establecerán as tarifas que deberán satisfacer os usuarios, efectuarán o mantemento das instalacións e expedirán o certificado pertinente tras a realización da limpeza e desinfección

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe os convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os concellos de Lourenzá e Xinzo de Limia para a xestión dos centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro. O obxectivo dos convenios é establecer as condicións de xestión para a súa explotación, conservación e mantemento por parte dos mencionados concellos.

A normativa de sanidade animal establece a obriga xeral de limpeza e desinfección de todos os vehículos ou medios empregados no transporte dos animais de produción, unha vez realizada a descarga no centro de limpeza e desinfección máis próximo habilitado. Este centro deberá expedir un certificado do traballo realizado. Neste senso, resulta imprescindible a promoción das actividades destes centros, co obxecto de asegurar o establecemento de medidas preventivas en materia de sanidade animal.

A través destes convenios, os concellos de Lourenzá e Xinzo de Limia serán os encargados de contratar o persoal necesario para prestar o servizo, establecerán as tarifas que deberán satisfacer polos usuarios, efectuarán o mantemento das instalacións e expedirán o certificado pertinente tras a realización da limpeza e desinfección.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural proporcionaralles aos concellos os importes definidos en concepto de contraprestación pola realización de labores de apoio ao mantemento dos estándares de sanidade animal. Así mesmo, facilitará o asesoramento técnico preciso para que os concellos poidan mellorar as condicións do servizo. Neste senso, o departamento autonómico financiará parcialmente o custo da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestión destes centros, cunha achega total de 48.000 euros, a razón de 24.000 euros para cada un dos concellos para os anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INVISTE ARREDOR DE 12 M€ ATA 2023 PARA GARANTIR A VENDA E CONSUMO SEGURO DE MÁIS DE 250.000 TONELADAS DE MOLUSCOS BIVALVOS AO ANO

- O Consello da Xunta aprobou o contrato programa plurianual do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, un centro fundamental para manter a boa reputación e a calidade dos moluscos producidos na Comunidade
- Este contrato de xestión recolle as actuacións que debe realizar o centro dependente da Consellería do Mar entre 2021 e 2023 coa determinación dos obxectivos, plans, previsións en materia de persoal e as modificacións ou adaptacións que procedan
- O Intecmar realiza cada ano arredor de 80.000 análises de distinto tipo e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) disporá entre este ano e 2023 de preto de 12 millóns de euros para levar a cabo o seu labor de control da calidade do medio mariño e das zonas de produción de moluscos bivalvos. Este traballo garante a venda e o consumo seguro das máis de 250.000 toneladas de moluscos bivalvos producidos ao ano na Comunidade. Así o recolle o contrato programa plurianual do centro dependente da Consellería do Mar para o período 2021-2023, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

O Intecmar é un centro clave para o marisqueo e a acuicultura, pois permite comercializar con todas as garantías hixiénico-sanitarias os moluscos producidos en Galicia e manter a súa boa reputación. Ao mesmo tempo, ten un importante papel no control das enfermidades dos moluscos, no eido da sanidade animal, e colabora na prevención e preparación para facer fronte a posibles episodios de contaminación mariña accidental. Por iso, o seu labor é clave tanto para a economía das zonas costeiras como para a protección do ambiente.

O contrato plurianual de xestión aprobado polo Consello da Xunta recolle as actuacións que deberá realizar o centro entre 2021 e 2023, coa determinación dos obxectivos, plans, previsións sobre persoal e as modificacións ou adaptacións anuais que procedan. A súa aprobación faise de acordo co establecido na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga) e enmárcase no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo inclúe tanto os obxectivos que se perseguen co traballo do Intecmar como as expectativas de resultados e, en xeral, a xestión que se vai desenvolver. Ademais, incorpora as actuacións necesarias para acadar eses obxectivos –con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias– e os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

O labor do Intecmar

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia realiza cada ano arredor de 80.000 análises de distinto tipo –microbiolóxicas, fisicoquímicas, virolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas– en moluscos bivalvos vivos e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal que garanten que os produtos que chegan ao consumidor polas canles legais procedentes das rías galegas son aptos para o consumo.

Unha mostra da relevancia nacional e internacional do Intecmar neste eido é o feito de que a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) acaba de designalo Laboratorio Nacional de Referencia en Biotoxinas Mariñas. Con ese obxectivo, o ente dependente do Goberno central e a Xunta de Galicia asinaron nas últimas semanas un convenio de colaboración en que se materializa este recoñecemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRANSFIRE PRETO DE 800.000 EUROS A AVOGADOS E PROCURADORES POLOS GASTOS DA QUENDA DE OFICIO EN GALICIA NO ANO 2020

- O Consello da Avogacía de Galicia percibirá 723.339 euros, mentres que ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais se lle transferirán 75.309 euros
- A Xunta leva transferidos 8.139.402 euros aos avogados e 638.904 aos procuradores desde o ano 2010 por este concepto

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao informe da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo polo que se establecen as cantidades que se van transferir aos colexios de avogados e procuradores para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos da asistencia letrada e defensa gratuítas do ano 2021, sobre o importe certificado o ano 2020.

Concretamente, vanse a transferir 723.339,64 euros ao Consello da Avogacía de Galicia e 75.309,71 euros ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para a súa repartición entre os respectivos colexios profesionais galegos. En virtude destas ordes e dos acordos cos colexios profesionais para a asistencia xurídica gratuítas en Galicia, a Xunta leva transferidos 8.139.402 euros aos avogados e 638.904 aos procuradores desde o ano 2010.

A Comunidade Autónoma galega está entre as que mellor atención prestan á xustiza gratuítas logo de aprobar este ano a Xunta un incremento dun 15% de media nas compensacións económicas a avogados e procuradores e de acurtar a 25 días o prazo medio para o seu pagamento.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo vai publicar nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* as ordes de infraestrutura colexial que establecen as cantidades que se lles aboan aos colexios de avogados e de procuradores de Galicia, de acordo co establecido na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, que regula o dereito a asistencia xurídica gratuítas.

Este texto legal establece que os colexios de avogados e de procuradores percibirán a contía que resulte de aplicar o 8% ao custo económico xerado en cada período de liquidación anual polas actuacións profesionais de asistencia xurídica gratuítas, das unidades encargadas do asesoramento e a orientación previos ao proceso aos cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 do seu Estatuto de autonomía, aprobou o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño, e polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro, o cal establece no seu artigo 45 que a consellería competente en materia de xustiza determinará anualmente as cantidades que deberán percibir os colexios de avogados e de procuradores para atender os gastos derivados do funcionamento e infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica gratuíta.

Polo tanto, vaise transferir ao Consello da Avogacía de Galicia e ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais o 8 % do total devindicado polos colexios de avogados e procuradores de Galicia polas súas actuacións profesionais de asistencia xurídica gratuíta durante o ano 2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS FAMILIAS GALEGAS AFORRARÁN 360.000 EUROS AO ANO NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA GRAZAS AO APOIO DA XUNTA A PROXECTOS DE BIOMASA

- O Goberno galego aproba por anticipado de gasto as bases da convocatoria destas axudas, coas cales se favorecerá a mobilización de 3,75 millóns de euros e a creación de 37 empregos
- A instalación dunha caldeira de biomasa supón reducir á metade o gasto con respecto ao gasóleo e un 30 % fronte ao gas natural
- Desde 2014, a Xunta ten colaborado na colocación de 8000 caldeiras nos fogares galegos

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, aprobar as bases da convocatoria para a implantación de proxectos de biomasa nos fogares galegos, o que permitirá un aforro anual, nas facturas enerxéticas, de 360.000 euros.

A Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, destinará 1,5 M€ a esta convocatoria de concorrencia non competitiva dirixida ás familias galegas e que se xestionará a través de entidades colaboradoras. Agárdase mobilizar 3,75 millóns de euros no sector, conseguir aforros enerxéticos de 9000 MWh e impulsar a creación de 37 empregos, ademais de reducir as emisións de CO₂ en 2700 toneladas ao ano, o equivalente á plantación de 135.000 árbores.

A contía das axudas será dun 50 %, ata un máximo de 60.000 euros, para apoiar proxectos con fins de aforro enerxético que fomenten enerxías renovables, como é o caso da biomasa. Para garantir o máximo aproveitamento enerxético do combustible e minimizar as emisións, os equipamentos de xeración de calor deberán ser instalacións con avanzadas prestacións operativas, elevados niveis de eficiencia e un bo comportamento con respecto ao ambiente.

Con esta liña de axudas que abrirá no mes de xaneiro, o Goberno galego segue avanzando no seu obxectivo de fomentar o uso de enerxías renovables, neste caso nos fogares, coa importante redución dos custos enerxéticos que supón fronte a outro tipo de enerxías, e máis nun momento de escalada de prezos eléctricos. Así, unha caldeira de biomasa supón aforros de ata o 50 % con respecto ao gasóleo e dun 30 % con respecto ao gas natural. Nunha vivenda unifamiliar permite aforros de 1800 euros ao ano con respecto aos radiadores eléctricos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria complementará as axudas, xa en marcha, para impulsar proxectos de enerxías renovables térmicas dirixidas ao sector residencial, que conta cunha dotación de preto de 5,7 M€ para iniciativas de xeotermia, hidrotermia, aerotermia e solar térmica, ademais de biomasa. Neste caso, o obxectivo é mobilizar ao redor de 10 millóns de euros e acadar aforros económicos de 500.000 euros ao ano.

Desde o ano 2014 a Xunta xa leva apoiado a instalación derredor de 8000 caldeiras de biomasa. Este mesmo ano, o Goberno galego concedeu 824 axudas por un importe de 1,96 millóns de euros, que permitiron instalar unha potencia próxima aos 15MW.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA